

Campos Rey, Ana: Cantigas xalleiras e bergantiñas

Recollidas en San Vicente de Cuns, concello de Coristanco (A Coruña)

Data aproximada da recollida: Ano 1997

Coordinación da recollida: Ana Campos Rey

Esta recompilación de cantigas formaba parte dun traballo máis amplo sobre a tradición oral galega que fixen durante os meus anos de carreira de Filoloxía Inglesa na Universidade da Coruña, cara a finais dos anos 90.

Para iso puxen a lembrar cancións a toda a miña familia (bisavoas, avoas, tías, primas e demais parentes e veciñas) que non se puideron resistir ante a tentación dunha boa merenda a carón do lume rememorando os seus anos mozos. Naqueles tempos cantar facía o seu traballo máis lixeiro e axudaba a entreterse cando gozaban dalgún tempo libre. Por que xalleiras e bergantiñas? Porque a miña aldea, San Vicente de Cuns, pertence a Coristanco, logo e bergantiñá, pero está situada moi preto de Santa Comba, así que algunhas das cantigas fan referencia a esa bisbarra xalleira. De feito, a maior parte das persoas que participaron no proxecto traballaron nas minas dese concello nalgún momento das súas vidas (as minas de Varilongo están a pouca distancia de Cuns) ademais de na agricultura.

A dicir verdade, nunca pensei que puideran ser de interese xeral. Mais ben as gardaba como un recordo moi querido da miña familia, posto que moitas das cantareiras xa non están hoxe connosco. Para min son un tesouro, xa que malia que non gardo as gravacións orixinais, cada vez que as leo aínda resoan as súas voces na miña cabeza.

Por iso quedo agradecida por esta oportunidade para dálas a coñecer e estou segura de que elas estarían encantadas de compartir as súas cantigas con todos vós.

Cantigas

A continuación exporanse as cantigas recollidas agrupadas por temas. O primeiro en ser tratado será o do amor e todo o que leva consigo: declaración, reproches, rupturas, embarazos, casamentos, etc. A este tema pertencen a maioría das cantigas.

Xusta:

Arrímate a mí que o soy
arrímate a mí que he sido
arrímate a mí que o soy
un muchacho adevtido.

Se ti queres e eu quero,
nena de Monte Maiore,
se ti queres e eu quero
que no-lo vai a privare.

Canta ti, cantarei eu,
ireimos los dos cantando
cante quen tuvera amores
los míos vanse acabando.

Jesusiño, meu Jesuse
eu a ti todo che deie
deich'a vida, deich'a morte
para min nada deixeie.

Pilar:

Soldadito marinero
que llevas en la mochila?
Traio las ordes del Rey
y el corazón de una niña.

De Portugal me mandaron
tres peras nun ramalliño
estimaba de saber
quen me ten tanto cariño.

Nieves:

Anduvéchest' alabando
polo muñños muendo
qu'eu había de ser túa
eso si, ond'eu querendo.

Anduvéchest' alabando
que te quería y te quiero
ahora te alabarás

que te quería y te deixo.

Joseíño, meu José
meu rosario de cadena
cando vexo meu José
vex'a miña casa chea.

C. Lema:

Os amores dalgún día
quen me dera de os vere
que lle quero preguntare
se queren volver a sere.

Esta noite meus olliños
esta noite non durmase
que se mudan las estrellas
dicen que vós las mudase.

Maruxiña do portelo
Maruxiña do portelo
a túa nai xa llo dixen
a teu pai téñolle medo.

Vuela, vuela palomita
a tu blanco palomar
non te vaías tan solita, palomita
yo te voy acompañare.

Comín castañas asadas
que viñeron de Padrón
bebín a iaugha da charca
matoume no corazón.

Xa non é dela, Maruja
xa non é dela
qu' é dun ghaiteiro, Maruja
de Redondela.

Olvidáchesme por probe
eu por rico te deixei
val máis un probiño honrado
qu' un rico de mala leie.

E vaite d' aí
xa podes marchar
qu' eu na miña vida
che volvo a falar.

Heite de mandar á merda
e mais a ela has de ire
cun foliño romendado
coma ben que vas pedire.

C. Brandolas:

Da túa porta á miña

Eu pedinllo a unha nena
no arro detrás do prado
ela díxome que non
qu' estab' o campo mollado.

Nena que vende-las peras
¿cantas che mandaron dare?
Para ti, meu queridiño
non m' as mandaron contare.

Ahora que voy entrando
en la calle de la Palma
le voy tirare una copla
a mi querido del alma.

Costureiriña bonita
¿Como quere-lo amore?
Pequeniño e ben feito
rico e traballadore.

Costureiriña bonita
dám' unha aghulla de plata
para tirar unha espiña
do corazón que me mata.

Costureiriña bonita
bonitiña costureira
vén a augh' e non te molla
vén o sol e non te queima.

Debaixo da oliveira
non vaías parrafeare
ten a folla miudiña
non deixa entrá-lo lunare.

Arrimeim' a un pino verde
por ver se me consolaba
o pino com' era verde
en vez de cantar lloraba.

Arreda loureiro verde
deixa clariá-la luna
se non vexo meus amores
non vexo cousa nincunha.

Silva verde se me prendes
mira como m' aseghuras
qu' eu xa me teño seibado
doutras cadenas mais duras.

ha un ben de caridá
venc' a nós o alto reino
haghasé tu voluntá.

Cuando paso por tu puerta
e en la ventana no estás
voy acurtando los pasos
por ver si te asomará.

El cielo tiene jardines
y está cargado de flores
allí se forjó tu cara
la perdición de los hombres.

da túa porta á miña
hai unha largha cadena
toda llena de suspiros
toda de suspiros llena.

Suspiros de cuando en cuando
salen de mi pecho ardiendo

Rosa:

Eu téñoche dúas fillas
unha era Marcelisa
e a outra Lionor
se lle po-la man na teta
adobese ca calor.

Ai muller dáme un bico
heiche de dar un pataco
non quero bico dos homes
que me cheiran ó tabaco.

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si qu' é moiñada.

Ni tu madre, ni tu padre
ni los que vaian al sielo
te pueden i a tu querere
como io te estoy queriendo.

Alghún día por te vere
abrín portas e ventanas
ahora por te non vere
todas las traigo serradas.

Unha morena me mata
unha blanca me dá pena
unha niña de quince anos
me llevó pres'en cadena.

Amor mío se te vas
y no me llevas contigho
por Dios no bebas el agua
de la fuente del olvido.

y se van a recrear
a donde tú estás durmiendo.

Las cornás que me estás dando
si fueran cajas de trigo
llenaría los ghraneros
de todo este distrito.

Del lado de tu ventana
ha unha culebra e pica
no tiene tanto veneno
como tu lengua maldita.

Dices que me quieres mucho
maldito sea tu querer
qu'entra la semana y sale
y no me vienes a ver.

Amor mío se ti marchas
déixam'unha prenda túa
déixam'a túa navalla
para cortá-la verdura.

Amor mío vienes tarde
has de dormir al sereno.
Ábreme la puerta niña
que'eu ben sei que tarde veño.

Debajo de tu ventana
hay una fuente de nieve
todos van a beber a ella
mi corasón no se atreve.

Nena dam'uns berberechos
deses qu'andas apañando
eu dareiche o corazón
para que m'o vaias ghardando.

Isca paxariño, isca
da rabela do arado
ós mosiños d'hox'en día
pícall'a mosca no rabo.

Isca paxariño, isca
non me coma-la mazá
o meu amor vai en Laxe
non ven hoxe nin mañá.

Isca paxariño, isca
non me coma-las cereixas
que o meu amor vai na guerra
veremo-las que me deixa.

Pasei pola túa porta
e mirei polo ferrollo
a ladra de tía naie
meteume un pau por un ollo.

Pasei pola túa porta
pedinche auga, non m'a deches
cando pases pola miña
farei como me fixeches.

Pasei pola túa porta
mirei par'a arriba vin
un letreiro que desía
"Eu para ti non nacín."

Pasei pola túa porta
co manteliño cuberto
taba tía nai caghando
co ollo do cu aberto.

Meniña ti te-lo demo
que me andas atentando
sea en río, sea en fuente
siempre t'encuentro lavando.

Eí Manuel
deixaio pasar
que vai ve-las nenas
á beira do mar
á beira do mar
á beira do mar
eí vai Manuel
deixaio pasar.

Manuelito, Manuele,
Manuelito, Manuele
para todos es amore
para mí es un cruele.

Non quero sardiñas
nin queríalas
nin me quero casar
contigo rapás
contigo rapás
contigo rapás
nin quero sardiñas
nin queríalas.

Se me queres olvidare
olvídame, prenda mía
no hay cochillo más fuerte
para quitarme la vida.

Heite d'ir a ver

que queiras, que non
ou pola ventana
ou polo balcón
ou polo balcón
ou polo balcón
heite d'ir a ver
que queiras, que non.

Se ques que te vaia vere
ven noite polo lunar.
Matarám'a cadeliña
que me mata no ladrare.

A cadela non a mato
porque non teño outro canhe
se non vés pola noite
ves mañá pola mañanhe.

Moreniña por morena
Téñoch'o ollo botado
has de ser miña mullere
ou non hei de ser casado.

Arriba que sí
abajo que no
si ti tienes novio
no lo tenco yo
no lo tenco yo
no lo tenco yo
arriba que sí
abajo que no.

Mosa de lana fina
é fina por afinare
dime canto che custou
o que ch'a quería pesare.

Tus cojones son la pesa
tu cara es la romana
baja moso par'abaixo
pesaremos esta lana.

Vintasinco servilletas
tres reás en cada punta
mosa que'tás na ventana
báixat'a botarlle a conta.

A conta, meu queridiño
éche boa de botar
de tres mil reás pr'arriba
pouco che pode pasar.

Madre mía, los mineros
que buenos muchachos son
si no fuera la desghrasia

de morir sin confesión.

Este ano hai moito liño
tamén hai moita laresta
os homiños d'hox'en día
cheiran a mexo qu'apesta.

Nunca vin carballo torto
que tuvera rama dreita
nunca vin mozos bonitos
no lughar de Camafreita.

Xusta:

Ben te vin, ben te mireie
miña masán colorada

C. Lema:

Coloradiña de cara
eu non a quixera ser
qu'a masán qu'é colorada
todos a queren comer.

Celso:

Quen che dixo a ti loureiro
quen é de pau de culleres?
As verdades son dos homes
as mentiras das mulleres.

Nieves:

O anillo do meu dedo
corre pola carretera
non me pesa do anillo
pésame do quen o leva.

Aghora que fui e fui
meniña non teñas pena
aghora que fui e fui
pídelle a Dios unha nena.

C. Lema:

Paxariño, gholrrionhe
qu'estás no bico do toxo
toma lévall'esta carta
as nenas do pelo roxo.

Pilar:

Tenco la pluma en la mano
una pluma en la rodilla
para escribirte una carta
querida del alma mía.

Rosa:

Ay Lolita, me voy a la guerra

No quiero la manzana
qu'el aire la sarandea
por fuera tien buena cara
por dentro la tiene feia.

Chamáchesme pera verde
eu a ti masán podrida
a perda verde se come
a masán podre se tira.

ben te vin, ben te mireie
non che puiden ve-la cara.

Chamáchesme moreniña
á vista de tanta xente
aghora vaimo quedando
moreniña para siempre.

Leva esa carta, cartero
que pesar non pesa nada
pa'que pronto la reciba
esa mi prenda dorada.

En papel blanco t'escribo
porque negra es mi suerte
aunqu'estoy lejos de ti
no te olvido hasta la muerte.

tú conmigo no quieres venir

si no quieres venirme connigo
una carta te voy a escribir.

Fue el cartero a la casa de Lola
una carta a Lola le dio
y la Lola se puso a leerla
un desmaio a Lola le dio.

¿Qué te pasa, hija de mi vida?
Madre mía, ¿qué me va a pasar?
tenco el novio allá en la gherra
Madre mía, me lo van a matar

Boas noites, tía Pepa
véñolle pedi-la filla
se m'a dás séntome un pouco
senón marchó máis axiña.

A miña filla, Farruco
é moi nova pra casar
sólo ten corenta anos
e pódésma destragar.

Alabado sea Dios
que me dixo miña sogra
que lle destragab'a filla
xa non ten dentes nin moas.

Pois si o queres así
casaraste miña filla
haste d'encher de Farruco
e máis da súa naiciña.

E d'alí a unha semana

C. Lema:

Miña nai por me casare
ofresiume bois e vacas
aghora de casadiña
dáme unha cunca de papas.

Xusta:

Casadiña de tres días,
quen che levou as cores?
Nin casada, nin solteira
nunca ch'estuven millore.

Tamén hai outras cantigas que se refiren ós vellos, entre eles os pertencentes á familia (sogros, pais, etc.). As cantigas que se refiren á figura da sogra son, na súa maioría, de escarnio.

Rosa:

Unha vella máis un vello
iban polo campo arriba
a vella era máis pilla
botoulle a perna por riba.

trataron o casamento
e d'alí a poucos días
casáronse mui contentos.

E ó salir da igrexa
preghuntoulle a rapasa
Farruco, se non reselas
hasme d'amostra-la ghaita.

Cala moza, miña nena
que a levo moi gardada
deixa que chegue a noite
tocarei na foliada.

Non daba chegado a noite
a rapasa n'aguantaba
boutoulle o ollo ó punteiro
e dixo que lle gustaba.

A regueifa está na mesa
polo medio 'ta curada
a mosa que casou hoxe
non pensou de ser casada.

Este ano hai moito liño
casamentos ha de habere
e hase de casá- la fame
coa ghana de comere.

María, miña María
moita pena ch'hei de dare
nin m'hei casar contigo
nin ch'hei de deixar casar.

co furreiro co martelo.

Unha vella dix'a ioutra
polo buraco da porta
ti governa túa vida
qu'a miña nada ch'importa.

Unha vella máis un vello
mixaron nunha casola
a vella com'era pilla
tiroulle pola pixola.

C. Lema:

No corral do meu soghro
achicáronme os cans
e saliu miña soghra
coa tranca na man
coa tranca na man
o sapato no pé
ela quéreme male
eu non sei por qui é.

Miña soghra morriu onte
enterreina no palleiro
os filliños a churare

Unha vella, vella, vella
vella como meu chapeue
tratáronll'o casamento
levantou a mans ó ceue.

Voume por aquí abaixo
coma que non quer'a cousa
voulle desir a meu soghro
que torn'a as cabras da chousa.

eu a tocá-lo pandeiro.

Miña soghra queme male
porque lle falo co fillo
voulle a mandar recado
que o gharde no bolsillo.

Miña nai e maila túa
van xuntas no Xibaleo
a miña vai de mantilla
a túa vai de chapeue.

Outro tema importante é dos Santos e Virxes. Nesta parte son numerosas as cantigas referidas a Santa Margarida, patroa da aldea onde foron recollidas:

Pilar:

Veño da Virgen da Barca
da Virgen da Barca veño
veño d'abalá-la pedra
d'abalá-la pedra veño.

Santa Margharida tiene
una fuente con dos caños
en donde se van curar
todos los males estraños.

Angelita:

Miña Santa Margharida
miña Margharida santa
ten a capilla no monte
onde o paxariño canta.

Xusta:

Miña Santa Margharida
d'antr'os carballiños verdes
onde me dá-los amores
darásme sorte con eles.

Nieves:

Alto pino, alto pino
alto pino, alto la rama
debaixo do alto pino
tiene María su cama.

Hoxe é día do meu santo
día de San Manuel
hei d'estrenar un vestido
do color do caravel.

C. Lema:

Debaixo do lavaduiro
onde María lavaba
había un anillo d'ouro
nunha masán colorada.

Rosa:

Nostra Señora da Barca
alabado sea ela
ela é miña madriña
eu son afillada dela.

Nostra Señora da Barca
alá vai pola ribeira
collendo cunchiñas d'ouro
meténdoas na cucideira.

Tamén hai moitas cantigas que se refiren a lugares ou a xente dunha zona concreta. Aparecen así moitas cantigas referidas a Cuns ou a lugares do seu entorno:

Pilar:

Pasei por Camariñas
por Camariñas cantando
as nenas de Camariñas
quedaban no riu lavando.

Rosa:

Os rapases de Coruña
deles hai moito que contar
da rilleiriña da cama
mexan a pedra do lar.

Os mosiños da Coruña
unhos sí e outros non

collen seu pai polas barbas:
Arre por aquí, castrón.

Os mosiños da Coruña
non son unhos que son todos
ghastan tres pares de calcetíns
para ter os pés ben ghordos.

C. Lema:

Para Budián vou rindo
para Nantón vou cantando
pr'o lugar de Camafreita
vou com'a troita nadando.

Xalleiro d'alí d'erriba
que bebe-la aughá choca
se quere la boa nena
xalleiro baixai á costa.

Xalleiro, vai para Xallas
Xalleiro, vai para Xallas
na ribeira non te queren
a Berghantiños non vaias.

O lughar do Paso Vello
de lons'parece unha vila

ten un caravel n'antrada
unha rosa na saída.

No lughar do Paso Vello
hai unha pedra redonda
tamén hai unha rapaza
que lle chaman "cu de bomba".

No lughar de Paso Vello
serqueino eu d'arredore
ahora d'aquí home marcha
sercar aló ti milllore.

O lughariño de Cunse
pascino de pedra en pedra
alumíame María
da ventana cunha vela.

Nieves:

As rapaciñas de Cuns
todas son unhas veletas
por unha copa de caña

deixan apalpá-las tetas.

Anque che somos de Cuns
anque somos, somos nós

anque che somos de Cuns
sabemos amar a Dios.

Outro tema, dentro das cantigas de burla, é o referido ós cregos e curas:

C. Lema:

O caravel cando nase
chámanlle caravaliño
tamén os fillos do cregho
chámanlle ó pai Señor Tío.

Rosa:

O cregho foi ó muíño
metiu a cabeza dentro
trougho a fariña na troa
para facé-lo formento.

Señor cura da parroquia
a doutrina non lla seie
pídame unha cantighuela
qu'algún modo lle dareie.

O cregho foi ó muíño
veu cun fol e trough 'outro
para esfolá-la criada
que 'tá parida de pouco.

Na miña vida tal vin
o que vin esta semana
o cura en calzoncillos
repinicand'a campana.

A continuación aparecerán as cantigas referidas a animais e árbores:

Rosa:

O raposo berra, berra
no alto de Cullaredo
que lle leven os sapatos
os collós o Cotaredo.

Fun á feira a Santa Comba
comprei unha vaca mona
sin os cornos, sin o rabo
e sin os pelos da trona.

O raposo berra, berra
no alto de Camariñas
que lle leven os sapatos
que quer marchar ás ghaliñas.

O carballo da portela
ten as follas reviradas
quen llas revira é o aire
unha mañán de xiada.

Na miña vida tal vin
na miña vida tal vin
unha cabra cunha roca
un castrón cun violín.

O carballo da portela
ten tres carros de madeira
un é meu, outro é teue
outro é de quen o queira.

Nieves:

O carballo da portela
abanea mais non cae
así fai a boa nena
que se ghía por seu pai.

C. Lema:

Esta noit'a maila outra
e maila outra pasada
abalei unha pereira
porque nadie a abalaba.

Carballeira de Ramada
carballeira de Ramada
naquela carballeiriña

perdínche a miña navalla.

As seguintes cantigas están referidas á acción de cantar, á xente que canta ou mesmo ós cantares:

Xusta:

Eu se quero canto ghordo
eu se quero delghadiño
eu se quero tamén canto
moi ben adoneiradiño.

O río cando vai cheio
leva carballos e follas
tamén podía levar
as lincuas marmuradoras.

Rosa:

As lincuas marmuradoras
Devírtens'en marmurare
como son adevertida
adevítom'en cantare.

Nieves:

Muiñeira da Ribeira
muiñeira ribeirana
muiñeira da Ribeira
tócocha de mala ghana.

C. Lema:

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño.

Tódolos que cantan ben
beben vino y aghuardiente
eu eu como canto tan mal
bebo aghua de la fuente.

Hei de cantar e cantare
hei de cantar e cantare
ou ben hei d'enrouquesere
ou ben hei de clariare.

Este pandeiro que toco
este que levo na man
éche de miña cuñada
da muller do meu irmán.

De seguido, expóranse cantigas de diversos temas:

C. Brandolas:

Las estrellitas del cielo
todas ellas tienen nombre
la mía se llama Carne
las otras no me responden.

Xusta:

Rapasiños á rúa
rapasiños á rúa
vaise o día, vaise a noite
vaise a nosa mosedá.

Aunque soy del aghua clara
no me metí en la laguna
aunque soy hija de un pobre
no me cambio por nincunha.

C. Lema:

Unha nena nunha fonte
por unha versa bebía
a versa estaba rachada

toda a aghua lle vertía.

Todos los pájaros, madre

nasieron para volare
io también nasí n'el mundo

Nieves:

Nós d' aquí e vós d' aló
somos tantos coma vós
nós comemo-lo carneiro
as cornás son para vós.

Mari Pepa ten un niño
Antri'as tellas do tellado

Rosa:

Manuel anda no monte
coa capa romendada,
quen mal anda, Manuel
quen mal anda, mal acaba.

Farruquiño, Farruchán
co seu bighotiño roxo
o canelo vai perdido
e pediulle o tapuxo.

E pediulle o tapuxo
antre o toxo do corral
agora como ch'asperta
non ch'é nada bo señal.

As pelainas son de neve
o cachón é de raposo

para trabalos pasare.

o niño de Mari Pepa
cando chove está mollado.

Manueliño canteiro
Manueliño canteiro
as tellas do teu tellado
tellan o muíñ'albeiro.

a ghornesión da monteira
é d' aseiro e máis dun toxo.

Voume por aquí abaixo
volvo por aquí arriba
fiando na miña roca
ghobernando a miña vida.

Para quen traballo eue
para quen traballo eue
traballo noites e días
non teño nada de meu.

Non quero nada do dado
qu' o dado algho require
vivirei do emprestado
pagharei cando podere.
